

Toponimia

O mariscal Pardo de Cela e o topónimo Oirán

Oirán é o nome dunha parroquia do concello de Mondoñedo, lindante coas veciñas parroquias de Carballido e Adelan, no concello de Alfoz (Lugo).

O relato que transcribimos a continuación (tamén se pode escoitar o audio que achegamos, unha gravación de **Fran Bouso a Ramón Pérez**, veciño de Oirán, realizada en xullo de 2013) conta a suposta orixe do topónimo, orixe que se relaciona co paso polo lugar do mariscal Pedro Pardo de Cela cando o levaban preso (ano 1483) desde o Valadouro a Mondoñedo.

Dice a tradición que alí, que lle puñeran á parroquia o nome de Oirán porque cando prenderan ao mariscal Pardo de Cela que o trouxeran por alí para executalo aquí en Mondoñedo. E como había unhas cantas casas que dixeran: □ Oirán ou non oirán? (pasar con el).

Dícese que lle quedou o nome por eso.

© Galicia Encantada

Your browser does not support the audio element.